Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Ditos e refráns dos cogomelos] Se queres o teu marido matar ...

Fungo das sogras, Fungo das meigas (Coprinus atramentarius)

□Se queres o teu marido matar dálle fungos a fartar□

É tóxico se se toma con alcohol, ou algunha menciña, producíndose ao cabo de media a dúas horas un síndrome semellante ao que se coñece como efecto "antabus"´, aínda que non é o mesmo. Prodúcense taquicardías, vertixe, ronchas e envermellamentos na pel, febre e transtornos gastrointestinais.

Estas alerxias continúan durante un tempo (dous días mínimo) dependendo do consumidor se se volven a probar bebidas alcóholicas. Tamén se producen efectos se o alcohol se consumiu antes que o cogomelo.

Se non se bebe alcohol é un bo cogomelo, suave e delicado, pero nós non a aconsellamos.

□O viño faiche rir, a sogra hacho facer sufrir□

O Fungo das sogras tivo a súa sona porque foi usado para que o parente deixase de empinar o cotobelo (cóbado).

Foi utilizado mesturado na comida para que deixaran de beber.

[Texto e foto achegados por Cristovo Ruíz Leivas]



BIBLIOGRAFÍA

RUÍZ LEIVAS, Cristovo / EIROA GARCÍA-GARAVAL, Juan A., Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos, Cadernos de Fraseoloxía Galega, 4, 2002, páx. 363-379.